

CONVENIO ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN E A FUNDACIÓN “PEDRO BARRIÉ DE LA MAZA, CONDE DE FENOSA” PARA O IMPULSO DA TRANSFERENCIA DE TECNOLOXÍA NO SISTEMA DE I+D+I DE GALICIA

Santiago de Compostela, a 19 de xullo de 2019

REUNIDOS:

Dunha parte, D. Francisco José Conde López, conselleiro de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, nomeado para o devandito cargo polo DECRETO 148/2016, do 13 de novembro, polo que se nomean os titulares dos departamentos da Xunta de Galicia (DOG nº127, do 14 de novembro), actuando no exercicio das atribucións conferidas polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia e polo DECRETO 146/2016, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia; e presidente da Axencia Galega de Innovación (en adiante, “GAIN”), en virtude do disposto no artigo 12 do Decreto 50/2012, do 12 de xaneiro, polo que crea a Axencia Galega de Innovación e apróbanse os seus estatutos.

Doutra parte, D. José María Arias Mosquera, en nome e representación da Fundación PEDRO BARRIÉ DE LA MAZA, CONDE DE FENOSA (en adiante, “Fundación BARRIÉ”), de nacionalidade española, con CIF n.º G15027972 e domicilio no Cantón Grande, n.º 9, A Coruña. A Fundación constituíuse con data 5 de novembro de 1966 e encóntrase inscrita no Rexistro de Fundacións da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, co número 164. Exerce a súa representación en virtude do seu cargo de presidente, no exercicio dos poderes que lle foron concedidos, por medio da escritura pública de data 11 de maio de 2010, outorgada ante o notario da Coruña, D. Francisco Manuel Ordóñez Armán, co n.º 1203 do seu protocolo.

Ambas as dúas partes recoñécense capacidade legal e xurídica suficiente para formalizar o presente convenio e, a tal efecto,

EXPOÑEN:

I. Que GAIN, é unha axencia pública autonómica, creada polo Decreto 50/2012, do 12 de xaneiro, ao amparo da autorización prevista na disposición adicional segunda da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia; adscrita á Consellería de Economía, Emprego e Industria.

De acordo cos seus estatutos, GAIN ten como finalidade fomentar e vertebrar as políticas de innovación nas administracións públicas galegas, e o apoio e o impulso do crecemento e da competitividade das empresas galegas, a través da implementación de estratexias de innovación eficientes.

Para a consecución dos seus obxectivos, e de acordo co artigo 10 dos seus Estatutos, GAIN poderá colaborar con outras administracións públicas, no ámbito das súas respectivas competencias e funcións, e con entes do sector privado, a través dos correspondentes convenios.

II. Que a Fundación BARRIÉ, é unha fundación mixta, benéfica e docente, de carácter privado e natureza permanente, con personalidade xurídica propia e capacidade xurídica e de obrar; cuxo obxecto é a satisfacción gratuíta das necesidades intelectuais, morais ou físicas.

A Fundación foi creada o 5 de novembro de 1966, declarada de interese galego pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, con data do 13 de xuño de 1986; e clasificada como benéfico - docente por Orde da devandita Consellería, con data do 17 de xullo de 1986.

Para o cumprimento dos seus fins, a Fundación BARRIÉ conta, entre outros procedementos, coa posibilidade de creación de becas, programas formativos ou programas de apoio financeiro a investigación, así como a de proporcionar calquera outra axuda, dentro do ámbito da competencia da dita Fundación.

III. A Lei 5/2013, do 30 de maio, de fomento da investigación e da innovación de Galicia, recolle no seu artigo segundo, entre os seus fins fundamentais, o apoio á formación do persoal científico, investigador e xestor da innovación en Galicia e contribuír á creación dun ambiente adecuado para o desenvolvemento das súas carreiras profesionais.

IV. Con data do 7 de novembro de 2014, o Consello da Xunta de Galicia adoita o acordo mediante o cal se aproba o Plan de Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia, “RIS3 de Galicia”, para o período 2014-2020.

O devandito Plan recolle, enmarcado no programa cadro Galicia Transfire, o apoio á Transferencia de Coñecemento ao Mercado a través dun conxunto de actuacións para fomentar a transferencia de coñecemento e de resultados de investigación desde os centros científicos e tecnolóxicos galegos ao mercado, como instrumentos de apoio que se prevén para a implementación da Estratexia RIS3 de Galicia.

O devandito Plan recolle tamén, dentro dos desafíos do Sistema Galego de Innovación, a captación, formación e retención de talento. Máis especificamente, o plan recolle accións concretas para a estimulación do emprendemento innovador como o Programa de Retención, Incorporación e Mobilidade de Talento e o Programa de Aceleración da Innovación que fomentan o descubrimento emprendedor e inclúen entre os seus pilares a formación, a circulación de talento, o asesoramento, o mentoring, o networking e a competencia empresarial.

V. A Fundación BARRIÉ ten experiencia no impulso de programas de adestramento no eido da transferencia de tecnoloxía, e conta cunha área de ciencia que impulsa programas propios co fin de apoiar a transferencia ao mercado dos resultados de investigación, especialmente os desenvolvidos por universidades, fundacións sanitarias e centros de investigación galegos. Instrumentos financeiros innovadores como o Programa Diana ou o Fondo de Ciencia, programas de formación para xestores de innovación e transferencia de tecnoloxía, o *Technology Transfer Training Program*, o impulso de redes internacionais de contacto entre a comunidade investigadora e o tecido empresarial como o *Technology Transfer Summit*, a elaboración do Informe sobre a ciencia en Galicia representan bos exemplos da acción da Fundación BARRIÉ en favor da posta en valor da investigación galega.

A Fundación BARRIÉ ven desenvolvendo, ademais, programas para a mellora das competencias profesionais dos investigadores de Galicia, en áreas tales como comunicación, traballo en grupo, resolución de conflitos, creatividade, etc. Estes programas van dirixidos a investigadores tanto das universidades como de centros sanitarios e outros organismos de investigación.

VI. GAIN considera de interese público o aproveitamento dos coñecementos e experiencia da Fundación BARRIÉ, de xeito que a unión das sinerxías de ambas as dúas partes permita acadar os obxectivos relativos ao desenvolvemento de programas de formación do persoal investigador, científico e de xestión da innovación e transferencia que prevé o plan galego de investigación e innovación.

Segundo antecede, resulta de interese para ambas as dúas partes a colaboración no deseño, desenvolvemento e implementación dun itinerario e programa de adestramento e capacitación dos profesionais de xestión de innovación e transferencia de tecnoloxía e de investigadores innovadores das institucións do Sistema Galego de Ciencia, así como o desenvolvemento dunha análise, e caracterización das estruturas de transferencia de tecnoloxía e os seus sus

recursos humanos, e un informe da situación da transferencia de tecnoloxía en Galicia, polo que, a tal efecto, subscriben o presente convenio de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS:

Primeira.- Obxecto e obxectivos do convenio.

O presente Convenio ten por obxecto sentar as bases da colaboración entre as partes para a realización das accións incluídas nos seguintes programas:

A. PROGRAMA DE ACCIÓNS EIXO VISIÓN ESTRATÉXICA. Inclúense a continuación as seguintes accións:

A1. Creación e dinamización dun Consello Asesor de Transferencia.

Na conformación do Consello Asesor contemplárase reproducir a cadea do laboratorio ao mercado incorporando expertos do ámbito da investigación, protección, valorización, investimento e transferencia ao mercado, así como expertos en xestión e formación en desenvolvemento profesional. O Consello exercerá funcións de asesoramento das accións desenvoltas no convenio, de maneira moi especial na elaboración dos estudos, informes, accións formativas e actuacións prácticas para a promoción da transferencia ao tecido produtivo.

A2. Análise funcional e organizativo das estruturas de transferencia.

Partindo dunha análise preliminar realizada pola Fundación BARRIÉ en 2018 no marco do convenio IGNICIA, realizarase un estudo sobre a estruturas de transferencia que operan no Sistema Galego de Innovación e dos seus cadros profesionais analizando o perfil funcional e as necesidades formativas desta figura. Trátase dun estudo pioneiro a nivel nacional para definir o perfil profesional dun xestor de transferencia, as súas cualificacións e as necesidades formativas. Esta información será crucial para a continuación das accións de formación e adestramento que a Fundación BARRIÉ leva desenvolvendo desde 2011, as cales están a contribuír á profesionalización dos cadros de transferencia. Procederase seguidamente á publicación de resultados.

A3. Definición dun panel de indicadores sobre a situación da transferencia en Galicia.

Co obxectivo de avanzar na monitoraxe sobre a situación da transferencia en Galicia elaborárase unha proposta dun sistema de indicadores que contemple parámetros clásicos

(patentes, licenzas, spin- off), así como novas medidas (proxectos de valorización, investimento en procesos de aceleración, etc). Este sistema de indicadores incorporará dúas peculiaridades. Unha primeira peculiaridade con respecto a estudos existentes (principalmente a Enquisa da Rede OTRI) contemplará o conxunto do Sistema e non soamente a súa vertente universitaria. O sistema de indicadores resultante conterá indicadores robustos, cuxa medición sexa viable no medio/longo prazo de forma custo-efectiva e que permita a comparación de Galicia na escena nacional e internacional.

Unha segunda peculiaridade é a inclusión de trazabilidade entre estes indicadores e a avaliación do impacto real das accións de formación e desenvolvemento. Os indicadores han de estar aliñados cun dos obxectivos fundamentais que se perseguen con este convenio, a capacitación do talento de cara a transferencia de tecnoloxía, permitindo a medición da eficacia das accións formativas que se realicen.

A4. Elaboración do Informe sobre a situación da transferencia Galicia.

Partindo do exercicio de definición de indicadores e dos resultados do mapping de estruturas de transferencia, realizarase a definición conceptual do Informe sobre a situación da transferencia en Galicia. Este traballo comporta a definición de contidos (período de análise, estrutura e plan de gráficos), a dinámica de realización (incorporación dun panel de expertos), os soportes de difusión e o calendario de traballo previsto. Seguindo o plan trazado neste exercicio previo confeccionarase o informe sobre a situación da transferencia Galicia. O estudo será editado, publicado e difundido e tamén se realizará un evento para a súa presentación pública.

A5. Benchmarking nacional e internacional. Referentes de boas prácticas autonómicas nacionais e internacionais.

Identificación de referentes a nivel autonómico, nacional e internacional en procesos exitosos de transferencia de tecnoloxía, documentación dos casos de éxito e difusión de boas prácticas. Elaboración dun directorio de estruturas e iniciativas de transferencia que poidan considerarse un referente para fomentar o intercambio de coñecemento e o acceso á súa experiencia (programas de estancias, participación en accións de formación, etc.). Procederase seguidamente á publicación de resultados.

B. PROGRAMA DE ACCIÓNS DENTRO DO EIXO FORTALECEMENTO DO SISTEMA DE TRANSFERENCIA. Inclúense as seguintes accións:

B1. Programas de adestramento e capacitación dos profesionais xestores de Transferencia de

Tecnoloxía (júnior e sénior). Accións de formación e adestramento en Galicia de profesionais galegos de transferencia de tecnoloxía. Esta formación está acreditada e achegará puntos da [ATTP - Alliance of Technology Transfer Professionals](#), e que se poderán acumular para a obtención da certificación internacional RTTP- *Registered Technology Transfer Professional*. (“Profesional Rexistrado de Transferencia de Tecnoloxía”).

B2. Asistencia a cursos de formación internacionais. Facilitar a asistencia a cursos acreditados e eventos formativos de natureza complementarios á formación que se imparte en Galicia.

B3. Estancias formativas internacionais. Facilitar estancias formativas de aproximadamente unha semana, en apoio de proxectos concretos, en centros recoñecidos internacionalmente pola súa xestión de innovación e transferencia de tecnoloxía.

B4. Estancias de adscrición inversa. Atraer profesionais de transferencia vinculados a centros de referencia no estranxeiro para a realización de visitas observacionais de aproximadamente unha semana a centros e institucións de Galicia. Aproveitando esas visitas levarán a cabo xornadas abertas de difusión.

B5. Programa de formación e adestramento internacional en competencias para investigadores. Curso de formación e adestramento para investigadores posdoctorales de todo o ecosistema de I+D+i en: competencias transversais, para a transferencia de tecnoloxía e comercialización.

B6. Formación mixta, para xestores de transferencia e investigadores. Formación que combine a experiencia e perspectiva tanto de xestores como de investigadores traballando con proxectos reais, con casos prácticos de valorización.

B7. Creación de recursos: “*business cases*” Identificación e redacción de casos de éxito de transferencia de tecnoloxía e valorización de resultados de I+D+i, de forma estruturada e descritiva, avaliando alternativas de acción, co fin de representar modelos a seguir dentro da realidade do ecosistema de innovación de Galicia.

Segunda.- Actividades a desenvolver por GAIN.

A participación de GAIN consistirá nas seguintes actividades:

- Publicación, comunicación e difusión das accións obxecto do convenio.
- Promoción, dilvulgación e dinamización das actividades formativas.
- Participación activa nos procesos, tanto de selección, como de seguimento e de avaliación de candidatos para a participación nos proxectos formativos, xunto co apoio da Fundación BARRIÉ.

- A selección dos participantes ás actividades formativas contemplará un proceso que se desenvolverá en réxime de concorrência competitiva, garantindo os principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade de oportunidades e non discriminación.
- Participación no Consello Asesor, formando parte da composición do mesmo e exercendo as funcións decisorias que correspondan ao mesmo.
- Achegará o financiamento, nos termos e condicións establecidos nos correspondentes anuncios e resolucións de outorgamento, nos termos recollidos na cláusula quinta.

Terceira.- Actividades a desenvolver pola Fundación BARRIÉ.

A participación da Fundación BARRIÉ circunscríbese á organización das actividades formativas, así como á avaliación técnica e económica e o posterior seguemento.

A colaboración da Fundación implicará a súa participación como xestor do programa e achega do financiamento nos termos recollidos na cláusula quinta do presente convenio.

En concreto, as actividades a desenvolver pola Fundación serán:

- Organización das actividades de formación no eido da innovación e transferencia de tecnoloxía. A dita formación deberá ser impartida por técnicos e institucións de prestixio internacional.
- Colaboración na promoción, divulgación e dinamización das actividades formativas.
- Organización, xestión e participación no Consello Asesor.
- Desenvolvemento da análise, caracterización e formación de estruturas de transferencia de tecnoloxía e os seus recursos humanos.
- Análise e identificación do sistema de indicadores de transferencia en Galicia.
- Organización e elaboración do “Informe de situación da transferencia en Galicia”.

Cuarta.- Financiamento.

GAIN compensará á Fundación BARRIÉ polos custos xerados con posterioridade á data de sinatura do presente convenio, con cargo á aplicación orzamentaria que se indica a continuación, e segundo as anualidades e importes máximos seguintes:

Aplicación orzamentaria.	Código de proxecto	Anualidade		
		2019	2020	2021
09.A3.561A.640.0	2016 6	300.000€	300.000€	300.000€
Total		900.000 €		

Nos importes indicados, entenderase incluído o IVE.

Para que se abonen os devanditos importes, a Fundación BARRIÉ presentará, nos termos e

condicións recollidos a tal efecto no anexo I do presente convenio, en cada unha das anualidades previstas, facturas trimestrais, sendo necesario que a presentación da factura, e restante documentación que a acompañe, teña lugar dentro dos dez primeiros días do mes seguinte.

Con relación á facturación do último trimestre de cada unha das anualidades, a factura e restante documentación deberá ser presentada, como máximo, o 20 de decembro.

Nas anualidades 2020 e 2021 poderán incluírse os gastos soportados e pagados dende o 21 de decembro da anualidade inmediatamente anterior.

O citado abono terá lugar tras a validación, por parte de GAIN, das facturas e demais documentación presentada.

En ningún caso a participación da Fundación será retribuída, sen prexuízo do indicado en canto á compensación dos custes nos que poida incurrir.

Por outra banda, a Fundación BARRIÉ, no marco deste convenio, aportará no desenvolvemento das accións definidas neste convenio de colaboración financiación dineraria e en especie para o deseño, coordinación e implementación de actividades de formación, divulgación e elaboración de materiais complementarios ás actuacións desenvolvidas no convenio e dirixidas aos axentes do sistema de ciencia e innovación de Galicia segundo as anualidades e importes máximos seguintes:

Aportación Fundación BARRIÉ	2019	2020	2021	Total
	54.090,00€	82.550,00€	85.575,00€	222.215,00€

As aportacións dinerarias da Fundación Barrié establécense nun máximo de 34.790,00€ no ano 2019, 41.650,00€ no ano 2020 e 41.650,00€ no ano 2021. O importe restante corresponderá a aportacións en especie.

Quinta.- Incumprimento das obrigas e compromisos adquiridos polas partes.

No caso de incumprimento das obrigacións e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes, a outra parte poderá notificar á parte incumpridora un requirimento para que cumpra nun prazo de 10 días hábiles coas obrigacións ou compromisos que se consideran incumpridos.

Este requirimento será comunicado á Comisión de Seguimento do convenio. Se transcorrido o

prazo indicado no requirimento persistise o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará á outra parte asinante a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio.

Sexta.- Vixencia.

O presente convenio estará vixente dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2021.

Sétima.- Comisión de seguimento do convenio.

Para o seguimento e control das accións recollidas no presente convenio, crearase unha Comisión de Seguimento, en todo caso de composición paritaria; integrada por membros de GAIN e por membros da Fundación BARRIÉ, segundo se indica, e salvo mutuo acordo das partes na súa modificación, polos seguintes membros:

- 2 membros por parte de GAIN, que serán designados pola Directora da Axencia Galega de Innovación. Un dos membros actuará en condición de presidente.
- 2 membros por parte da Fundación BARRIÉ, e serán designados polo Presidente da Fundación BARRIÉ.

Dita Comisión será a encargada de:

- Realizar o seguimento das actuacións do convenio
- Resolver as dúbidas que puidesen xurdir da aplicación e interpretación das cláusulas do convenio
- Todas aquelas actuacións precisas para o correcto seguimento do presente convenio

En canto á súa constitución, funcionamento e adopción de acordos, a citada Comisión rexerese pola normativa vixente en materia de órganos colexiados, contemplada na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Oitava.- Causas de resolución.

O presente Convenio resolverase polo incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan, ou polo transcurso do tempo estipulado. Así mesmo poderá resolverse por denuncia unilateral de calquera das partes, previa comunicación á outra con UN (1) MES de antelación, cando concorra algunha das seguintes causas:

- a. Imposibilidade sobrevida para o seu cumprimento.
- b. Acordo expreso de ambas as dúas partes.
- c. Causas excepcionais que obriguen a modificar substancialmente o seu obxecto.
- d. Imposibilidade material de execución por circunstancias excepcionais que impidan o cumprimento dos compromisos adquiridos co mesmo.

Novena.-Desenvolvemento e modificación.

O presente convenio poderá ser obxecto de desenvolvemento e modificación través das correspondentes addendas ao mesmo

Ao abeiro do disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, o presente convenio poderá ser obxecto de modificación cando teña como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. As ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

Décima.- Propiedade intelectual e comunicación.

A titularidade da documentación xerada no presente convenio de colaboración así como todas as actuacións que resulten precisas levar a cabo na execución do mesmo (explotación, reprodución, distribución, comunicación pública, etc.) será compartida entre a Fundación BARRIÉ e GAIN. Así mesmo poderá ser utilizada pola Xunta de Galicia a través de calquera outro departamento, sempre coa finalidade de actuacións similares ao obxecto do referido convenio. Non se permitirá ningún outro uso ou explotación que non estea relacionada coas actividades levadas a cabo por este convenio.

A Fundación BARRIÉ e GAIN, ou calquera outro departamento da Xunta de Galicia, xestionarán de mutuo acordo a comunicación pública e difusión das iniciativas desenvolvidas no marco deste convenio.

Así mesmo, todos os soportes de información ou difusión teñen que incluír, nun lugar visible, o logotipo da Fundación BARRIÉ.

Décimo primeira.- Inexistencia de relación laboral.

A subscripción do presente convenio non implicará relación laboral, nin contractual nin de ningún outro tipo entre os profesionais que realicen as actividades obxecto do presente convenio e a Xunta de Galicia.

Décimo segunda.- Deber de segredo e confidencialidade.

As partes asinantes comprométense a non utilizar nin revelar, mantendo en segredo, todos os datos que puideran obter en virtude da execución do presente Convenio e, en particular, toda a información ás actuacións a desenvolver, facéndose extensiva esta obriga a todas as entidades ou empresas públicas que interveñan en nome das partes.

As disposicións desta cláusula continuarán vixentes durante un período de cinco anos a partir da data de firma deste documento.

Tal e como se informará nos respectivos anuncios, os datos de carácter persoal facilitados polos participantes incorporaranse ao correspondente ficheiro de titularidade e responsabilidade de GAIN, o cal levará a cabo un tratamento dos devanditos datos a fin, exclusivamente, de avaliar e valorar os proxectos presentados.

As partes cédense mutuamente a información, coa condición de facer un uso responsable de acordo ás finalidades das diferentes entidades asinantes, e por iso conveñen:

- a) As partes acordan manter absoluta confidencialidade, tal e como o establecen os termos desta cláusula, sobre as discusións mantidas e a información intercambiada, xa sexa oralmente ou por calquera outro medio, en relación co obxecto deste convenio ("Información confidencial"). Esta obriga de confidencialidade non será executable entre as dúas partes cando as mesmas acorden algo en contrario por escrito, ou cando a revelación da devandita información ou conversación sexa requirida por Lei.
- b) Cada parte que reciba "información confidencial" ("Parte receptora") da outra parte ("Parte reveladora") recoñece a súa natureza confidencial e a exclusiva propiedade da "Parte reveladora" sobre a "Información confidencial" recibida en calquera momento, e se compromete a manter a confidencialidade deste acordo baixo a presente Sección, así como a non levar a cabo, ou a deixar de levar a cabo, calquera acción contida na presente Sección.
- c) Cada Parte receptora acorda que a Información confidencial será utilizada exclusivamente

para os obxectivos do presente convenio e manterán a dita información confidencial.

- d) Cada Parte receptora poderá revelar información confidencial na medida do necesario e en conexión co obxecto deste convenio, informando da natureza confidencial da información.
- e) Á petición da Parte reveladora, a Parte receptora devolverá ou destruirá de inmediato toda a información confidencial tanxible sen que a Parte receptora reteña ningunha copia, extractos ou calquera outra reprodución total ou parcial dese material tanxible.
- f) No caso de que a Parte receptora ou calquera outra persoa á que se dera Información confidencial recibira a petición de revelar calquera ou toda a información, baixo unha citación, decreto, obriga civil ou proceso similar emitido por un tribunal competente ou órgano administrativo, a Parte receptora comprométese a (I) notificar inmediatamente á Parte reveladora da existencia, termos e natureza da petición, (II) a consultar á parte reveladora a conveniencia de utilizar as accións legais dispoñibles para opoñerse ou limitar a dita petición e (III) se fose necesario, revelar información que, tras unha recomendación escrita dos conselleiros da Parte receptora, fose legalmente necesaria ou conveniente baixo as circunstancias dese momento.
- g) As obrigas desta sección non supoñen ningunha restrición ás Partes de cara a poder cumprir cas obrigas legais ou mandatos de calquera tribunal ou entidade governamental.
- h) Cada Parte deberá obter o consentimento da outra Parte antes de calquera publicación, presentación, anuncio público, ou comunicado de prensa concernente á súa relación.
- i) Non se inclúe no concepto de confidencialidade a información que fose de dominio público con anterioridade ao momento da celebración do presente convenio, ou que pase a selo con posterioridade ao mesmo, nin aquela que fora obxecto de autorización previa e expresa por escrito entre as partes.

Décimo terceira.- Natureza xurídica e resolución de conflitos.

O presente convenio ten natureza administrativa e rexerase polo establecido nestas cláusulas, polo disposto no Capítulo VI do Título Preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público e na Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común.

De acordo co artigo 6.2 da *Ley 9/2017, de 8 de noviembre, de Contratos del Sector Público*, por la que se transponen al ordenamiento jurídico español las Directivas del Parlamento

Europeo y del Consejo 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febrero de 2014, o presente Convenio está excluído do ámbito de aplicación da dicha normativa.

As partes comprométense a resolver de común acordo calquera controversia que puidese suscitarse sobre a interpretación ou execución deste Convenio, someténdose á comisión de seguimento prevista no mesmo. En caso de persistir o desacordo, someterase á xurisdición contencioso administrativa, conforme ao disposto na Lei 29/1998, de 13 do xullo, reguladora da devandita xurisdición.

E en proba de conformidade, subscriben o presente documento por duplicado exemplar no lugar e data indicados no encabezamento.

O Presidente da Axencia Galega de
Innovación e Conselleiro de Economía,
Emprego e Industria

Francisco José Conde López.

O Presidente da Fundación PEDRO BARRIÉ
DE LA MAZA, CONDE DE FENOSA,

José María Arias Mosquera.

ANEXO I:**DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR POR PARTE DA FUNDACIÓN PEDRO BARRIÉ DE LA MAZA, CONDE DE FENOSA.**

A Fundación BARRIÉ deberá presentar, para o pago das cantidades previstas na cláusula sexta, relativas aos custos derivados da súa participación no impulso da transferencia de tecnoloxía no sistema de I+D+i de Galicia, a seguinte documentación:

- NIF da entidade.
- Certificado bancario de titularidade.
- Factura (ou facturas), por cada período, acompañadas dunha memoria na que se recolla unha descrición sobre o desenvolvemento das actividades obxecto do convenio, os distintos conceptos de gasto, e os diferentes importes.

A facturación realizarse por trimestres vencidos (xaneiro a marzo, abril a xuño, xullo a setembro e outubro a decembro); sendo necesario que a presentación das correspondentes facturas, así como da restante documentación que debe acompañalas, teña lugar dentro dos dez primeiros días do mes seguinte.

Tendo en conta o anterior, o importe do primeiro e último trimestre de execución do convenio, e da prórroga, de existir esta, axustarase á cantidade que corresponda como consecuencia de prorratear o custe do trimestre en función da data de sinatura do convenio e tendo en conta o tempo de execución efectivamente transcorrido.

Con relación á facturación do último trimestre de cada unha das anualidades, a factura e restante documentación deberá ser presentada, como máximo, o 20 de decembro.

Nas anualidades 2020 e 2021 poderán incluírse os gastos soportados e pagados dende o 21 de decembro da anualidade inmediatamente anterior.